

Operadores e outros xeitos de empregar Google

Operadores booleanos

Google emprega os operadores booleanos para realizar procuras combinadas de varios términos. Eses operadores son unha serie de símbolos que Google reconece e modifican a procura realizada:

- " ": Para buscar unha expresión literal.
"tenda de deportes" (compara con tenda de deportes).
- -: Para excluír páxinas que inclúan certo término.
corte -inglés (compara con corte).
- **OR (ou |)**: Busca páxinas que conteñan un término ou outro.
patacas OR cenorias (compara con patacas cenorias).
- +: Para incluír palabras que Google por defecto non ten en conta ao ser moi comúns ("de", "o", "a".....).
+a real (compara con a real).
Tamén se usa para que Google distinga acentos, diéreses e a letra ñ, que normalmente son elementos que non distingue.
- *: Comodín. Utilizado para substituír unha palabra. Adoita combinarse co operador de literalidade (" ").
"tenda * deportes" (compara con "tenda deportes").

Comandos

Existen tamén outra serie de palabras clave que poden ser empregadas para realizar procuras diferentes, e que poden ter utilidade como son:

- **define:término** : Móstranse as definicións procedentes de páxinas web para o término definido.

define:cancro

- **filetype:término**: As procuras se restrinxen a páxinas con nomes rematados no término especificado. Maioritariamente se empregan para determinar a extensión dos ficheiros.

filetype:pdf cancro

- **site:sitio/dominio** : Os resultados amosan os contidos no sitio especificado, o que serve para facer procuras en sitios que non teñen buscadores internos propios.

Site:http://www.sergas.es cancro

- **link:url** : Aмосa páxinas que apuntan cara á url definida, o que nos pode dar idea da importancia e fiabilidade da páxina pola súa repercusión.
- **cache:url** Aмосa a versión que google ten na súa cache.
- **info:url** : Google presentará información sobre a páxina que se corresponde coa *url*.

Manexo básico	Significado	Exemplos
<i>palabra1 palabra2</i>	Procura páxinas que conteñan todas as palabras proporcionadas	Saúde alimentación (Busca páxinas que conteñan as dúas palabras)
<i>palabra1 OR palabra2</i>	Procura páxinas que conteñan unha ou outra das palabras proporcionadas	saúde alimentación OR exercicio (Busca páxinas que conteñan <i>saúde e alimentación</i> ou <i>saúde e exercicio</i>)
<i>"frase literal"</i>	Procura páxinas que conteñan a frase exacta	"alimentación san" (Busca páxinas que inclúan a frase <i>alimentación san</i>)
<i>palabra1 -palabra2</i>	Procura páxinas que conteñan a primeira palabra, pero exclúe aquelas nas que aparece a segunda.	alimentación -dieta (Busca páxinas sobre <i>alimentación</i> , pero exclúe aquelas onde aparece a palabra <i>dieta</i>)
<i>palabra1 +palabra2</i>	Procura páxinas que conteñan a primeira palabra, pero que tamén inclúan a segunda.	alimentación +dieta (Busca páxinas que conteñan <i>alimentación</i> , e amosa só as que conteñan a palabra <i>dieta</i>)

<i>palabra1 ~palabra2</i>	Procura páxinas que conteñan a primeira palabra e sinónimos da segunda (~= Alt+126)	alimentación ~san (Busca páxinas relacionadas con <i>alimentación</i> e sinónimos de <i>san</i> : <i>saudable</i> , etc)
<i>número1..número2</i>	Buscar dentro do rango de números	"harry potter" 2000..2006 (Buscar páxinas, vídeos e outros documentos que conteñan a frase <i>harry potter</i> e que fagan referencia a anos entre o 2000 e 2006)
<i>cidade1 cidade2</i>	Facer reservas de voos en liña	Madrid Budapest (Busca voos entre Madrid e Budapest)
Operacións:		
+ - * /	operacións aritméticas básicas	((5*200)+500)/13.4=
Sqrt(), ** ó ^	raíz cadrada e potencias	sqrt((2**2)+(2^3))=
sin(), cos(), tan(), sinh(), cosh(), tanh(), log(), ln(), exp()	funcións trigonométricas, hiperbólicas, transcendentais	exp(i*pi)=, cos(pi/2)=, ln(2*e)=
Outras Funcións:		
movie	Procura reas dunha película dada.	movie avatar (Busca información da película Avatar)
site:	Buscar só nun sitio web ou nun dominio	site:usc.es "regulamento" (Buscar páxinas nos servidores da USC que falen de <i>regulamento</i>)
filetype: (ó ext:)	Buscar documentos do tipo especificado	site:usc.es "regulamento" filetype:pdf (Procura documentos tipo PDF nos servidores da USC que conteñan a expresión <i>regulamento</i>)
link:	Procura de páxinas que enlacen a unha dirección URL	link:http://www.usc.es (Busca páxinas que enlacen á dirección <i>http://www.usc.es</i>)
book ou books	Busca texto en libros	books +auga (Busca libros que conteñan a palabra <i>auga</i>)
define, what is, what	Busca unha definición ou descripción dunha palabra ou	define "quecemento global", what is "quecemento global", what

are (define, que é, que son)	unha frase	are "gases tipo invernadoiro" (Busca definicións sobre o que é o <i>quecemento global</i> , que son os <i>gases tipo invernadoiro</i>)
define:	Busca definicións dunha palabra, frase ou acrónimo na web	define: "quecemento global" (Busca definicións en dicionarios sobre <i>quecemento global</i>)
weather	Dada una cidade, amosa o estado do tempo	weather ourense (Busca información sobre o estado do tempo en <i>Ourense</i>)
cache:	Mostra a versión cache almacenada en Google dunha páxina ou sitio.	cache:www.usc.es (Mostra unha copia cache do sitio <i>www.usc.es</i>)
info:	Atopa información sobre unha páxina	info:www.usc.es (Busca información sobre o sitio <i>usc.es</i>)
related:	Lista de sitios que son similares ou están relacionados ao enderezo URL proporcionado	related:www.usc.es (Busca sitios do mesmo tipo que <i>usc.es</i>)

Fontes:

<http://galinus.com/es/articulos/operadores-y-comandos-google.html>

<http://www.ts.ucr.ac.cr/bv/operadores-google.pdf>